

Sr. Presidente da Comisión Interuniversitaria de Galicia

A Sección Galega da *Sociedad Española de Estudios Clásicos (SEEC)*, ante o documento publicado sobre os valores de ponderación das materias propias de modalidade do Bacharelato LOE na fase específica para a admisión a estudos universitarios de grao do Sistema Universitario Galego, quere facer as seguintes consideracións:

1. Lamenta que a CIUG, na elaboración das ponderacións das materias da fase específica da proba de acceso á Universidade do curso 2009-2010, non se ativese á Orde EDU/1434/2009, de 28 de maio de 2009 (BOE do xoves 4 de xuño de 2009) pola que se regulan as condicións de acceso ás Universidades públicas españolas. Comprendemos que o espazo de tempo entre a publicación da Orde que actualiza as condicións de acceso á estudos universitarios e o momento no que a CIUG tiña que publicar a normativa de acceso á Universidade do curso 2009-10 era moi curto. Aínda así lamentamos que este feito levase á utilización dun criterio baseado na anterior normativa LOGXE e non na normativa en vigor actualmente, á que nos referimos máis arriba.
2. De todos os xeitos, cremos que o criterio ao que alude a CIUG para ponderar as materias con 0,2, “*as materias de modalidade do segundo curso do bacharelato que se consideraban ata agora vinculadas ás vías que daban acceso ao título LRU correspondente*”, non se aplica por igual en todas as materias nin para todos os graos. Vexamos un extracto do que se di na normativa das PAAU referente ao Bacharelato LOGXE:

Respecto a estas materias, o alumno necesariamente se deberá examinar das seguintes disciplinas vinculadas ás vías de acceso que se sinalan:

- <i>Vía Científico - Tecnolóxica:</i>	<i>Matemáticas e Física.</i>
- <i>Vía Ciencias da Saúde:</i>	<i>Bioloxía e Química.</i>
- <i>Vía Humanidades:</i>	<i>Latín e Historia da Arte.</i>
- <i>Vía Ciencias Sociais:</i>	<i>Matemáticas Aplicadas ás CC. Sociais e Xeografía.</i>
- <i>Vía Artes:</i>	<i>Debuxo Artístico e Historia da Arte.</i>

Visto isto remitímonos ao documento das ponderacións para ver que non sempre se cumpre o criterio aludido, por exemplo no grao en Historia pondérase con 0,2 Debuxo Artístico II, Historia da Arte, Latín II, Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II e Xeografía. Como se ve máis arriba na vía de Ciencias sociais só son materias vinculadas as dúas últimas e como tales son máis valoradas que as demais da outra vía, cando se optaba por dúas vías de acceso.

En calquera caso non se entende que non se pondere con 0,2 materias de modalidade como o Grego II en graos universitarios de Humanidades, como as Filoloxías, Filosofía, Traducción e Interpretación e en algúns graos de Ciencias Sociais como Historia, cando o Grego II está tan vinculado aos graos de Humanidades e de Ciencias Sociais como outras materias. **Incomprensible parece que non se valore con 0,2 nin siquiera no grao de Filoloxía Clásica.**

3. Seguramente sen buscalo, perxudicouse á materia de Grego no Bacharelato xa na matrícula do próximo curso, pois o alumnado ao ver que outras materias son máis valoradas é moi probable que opte por elixir aquelas que máis puntuen, co cal, sendo a Xeografía obligatoria como propia de modalidade no Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais, xa está servida a elección máis probable como materias propias de modalidade a cursar en 2º de bacharelato: Xeografía, Latín II e Historia da Arte (estas dúas son só as que contan con ponderación 0,2 no documento ao que nos referíamos ao principio). O Grego II sairá claramente perxudicado.
4. Pensamos que o Grego II polo seu alto valor formativo para a competencia lingüística do alumnado e por ser unha lingua transmisora dun acervo cultural do que aínda hoxe bebemos, debe ser valorado cunha ponderación de 0,2 , alomenos en todas as Filoloxías, en Filosofía, en Traducción e Interpretación, en Historia, en Historia da Arte, en Humanidades, en Xeografía e Historia, en Información e Documentación e en Periodismo. Por iso solicitamos que en canto sexa posible enmendar o sistema de ponderacións feito se teña en conta as nosas peticións.

Por todo o exposto solicitamos de vostede que, á maior brevidade posible, nos reciba para poder ter unha conversa máis ampla e fonda sobre o problema da valoración das linguas clásicas no acceso a graos universitarios aos que están vinculadas.

ASDO:

Cecilia Criado
Presidenta da Sección Galega da SEEC

M^a Teresa Miñambres
Vicepresidenta da Sección Galega da SEEC

CONTACTO:

Cecilia Criado
Prfa. titular del Dpto. de Latín y Griego
Facultad de Filología
c/Avda. de Castelao sn
15782 Santiago de Compostela
Tfno: +34981594488 (ext. 11887)
Fax: +34981574646
Móvil: 696461777
E-mail: cecilia.criado@usc.es